



D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **extraordinaria e urxente do 29 de decembro de 2017**, adoptou o seguinte acordo:

4.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO VIGO VERTICAL DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE TORRECEDEIRA E PI MARGALL. EXPTE. EXPTE. 4.860/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28/12/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 28 de decembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical de desenvolvemento urbano sustentable na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Torrecedeira e Pi Margall (4.860-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical de desenvolvemento urbano sustentable na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Torrecedeira e Pi Margall (4.860-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 21 de decembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, porque non presentaron xustificación ningunha durante o prazo conferido ao efecto, en cumprimento do disposto no artigo 152 do TRLCSP, segundo o informe do xefe da área de Inversións e do xefe servizo Administrativo e de Control Orzamentario de data 20 de decembro de 2017:

1. *PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.*



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 22/01/2018 14:13	Páxina 1 de 4
Expediente 4860/440	CSV: 2EE54-8EB38-D844C-EAC3A	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical de desenvolvemento urbano sustentable na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Torrecedeira e Pi Margall (4.860-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	UTE: PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.-COPSESA	90,21
2	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.	89,44
3	HIDROMIÑO S L	88,66
4	CIVIS GLOBAL SL	88,61
5	U.T.E.: C.D.INDEPO S.L.U. - DEMAIN	88,55
6	OGMIOS PROYECTO, S.L.	87,98
7	UTE: XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - ABECONSA, S.L.	87,18
8	SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	86,04
9	MISTURAS, S.A.	83,71
10	EXTRACO, S.A.	83,38
11	COPCISA, S.A.	82,31
12	CONSTRUCTORA SAN JOSE, S.A.	78,93
13	DRAGADOS SA	71,87
14	ORECO S.A	71,07
15	VIAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	47,32

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.-COPSESA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 971,18 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013".

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. e COPSESA, o día 21 de decembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 27 de decembro de 2017, dentro do prazo concedido.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 22/01/2018 14:13

Páxina 2 de 4

Expediente 4860/440

CSV: 2EE54-8EB38-D844C-EAC3A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de decembro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. e COPSESA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada pola UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. e COPSESA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 12 e 20 de decembro de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. e COPSESA, o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical de desenvolvemento urbano sustentable na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Torrecedeira e Pi Margall (4.860-440) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 2.060.520,41 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 357.610,98 euros.*
- b) *Comprométese a aportar as seguintes melloras coas características e o importe descritos no Anexo III do prego de cláusulas administrativas particulares:*

Melloras	Nº trimestres ofertados
Mantemento integral do ascensor	6
Mantemento integral das zonas verdes	4



Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 22/01/2018 14:13	Páxina 4 de 4
Expediente 4860/440	CSV: 2EE54-8EB38-D844C-EAC3A	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		